

PROXECTO DE INVESTIGACIÓN 1ª AVALIACIÓN

XERMINACIÓN DE LENTELLAS

Neste proxecto de investigación vas aplicar o método científico que é o conxunto de pasos ordenados que serven para explicar fenómenos dunha forma segura, inequívoca. Os pasos do método científico son:

- Observación: observar un fenómeno e elaborar unha pregunta.
- Hipóteses: propoñer unha posible resposta ou explicación a dita pregunta, aínda sen demostrar. As hipóteses poden ser verdadeiras ou falsas.
- Experimentación: estudio experimental do fenómeno recollendo datos, organizándoos en táboas, gráficas, etc.
- Conclusión: confirmar se a hipótese é verdadeira ou falsa.

O teu proxecto de investigación consiste nun traballo escrito que podes facer a man ou no ordenador. No caso de facelo a ordenador ten que ser letra Arial 12, interliñado 1,5, marxes normais e o texto xustificado. Xa sexa feito a man ou a ordenador o documento a entregar ten que ter a seguinte estrutura:

- **Portada**: título do traballo + nome completo do autor/a + curso
- **Índice** que recompila os seguintes apartados co número de páxina correspondente: introdución, material empregado, desenvolvemento do experimento, resultados e conclusión.
- **Introdución**: breve explicación do traballo e obxectivo deste. Formula unha pregunta, por exemplo, en que condicións xerminarán mellor as lentellas? Describir as hipóteses de partida; por exemplo, as lentellas xerminarán mellor cando as regamos regularmente.
- **Material empregado**.
- **Desenvolvemento do experimento**: indica os pasos seguidos no desenvolvemento da investigación, describe como fas o experimento, explica os cambios

importantes que observas, adxuntar imaxes segundo o factor abiótico, etc. No caso de facer o traballo a man, as imaxes do experimento pódense enviar pola aula virtual. No caso de facer o traballo a ordenador, xa se adxuntan no propio arquivo.

- **Resultados:** completar a táboa.
- **Conclusión:** análise dos resultados e confirmación ou rexeitamento das hipóteses iniciais.

Data límite para entregar o proxecto de investigación: **mércores 29 de novembro 2023**

Recomendacións para elaborar un traballo escrito

- Folios en branco.
- Numerar os folios do traballo
- A portada nunca se enumera polo que non conta como páxina, é dicir, o índice contaría como primeira páxina.
- Os títulos dos apartados deberían estar resaltados, por exemplo con outra cor.
- Usar bolígrafo, non lapis.
- Respetar marxes superior, inferior, esquerdo e dereito.
- Limpeza, claridade, organización, letra lexible.
- Revisar a ortografía.
- Non usar pegatinas, nin iconas.